

## Milagros

Aínda que agora todo o mundo arranxa as casas e tenas caleadas ben brancas e preciosas para o turismo, cando viviamos alí, a aldea era moi pequena e moi pobre e non tiñamos máis que o que traía o meu pai de xornal e catro cousiñas, que a terra de alí non é como isto. Así que cando a miña nai quedou viúva non sabía que facer con dous rapaciños tan cativos e eu aínda de teta. Por iso colleunos un día aos tres á desesperada e arrancamnos para aquí, para Mieres, porque tiñamos uns parentes traballando na mina. Eu non me lembro porque tiña dous anos pero é coma se o vise de tanto oílo na casa toda a vida: os catro no tren camiño do norte. E como o do meu pai estaba tan recente, a miña irmá e mais eu, aínda que eramos dous micos, iamos vestidas de loito como a miña nai, fíxate que barbaridade!, de negro dos pés á cabeza, así iamos. Aquela foi a viaxe máis longa de todas as viaxes longas que fixemos nunca.



# OUTUBRO 2011

01 sábado	1931 Clara Campoamor defende nas Cortes o dereito ao voto feminino.	17 luns	1978 Inaugúrase a Librería de Mulleres de Madrid.
02 domingo	381-385 Exeria de Gallaecia escribe o seu diario de viaxe a Exipto e Palestina.	18 martes	1890 Nace Ernestina Otero Sestelo, representante galega da Institución Libre de Enseñanza
03 luns	1916, nace en Ferrol M <sup>a</sup> de los Ángeles Alvariño, pioneira na oceanografía en España.	19 mércores	1997 Pasamento da directora de cinema Pilar Miró.
04 martes	1946 Nace Susan Sarandon, actriz comprometida coa paz e os DD.HH.	20 xoves	1793 Durante a Rev. Francesa, o goberno dissolve os Clubes Femininos.
05 mércores	1789 Na Rev. Francesa, miles de mulleres marchan a Versalles.	21 venres	"O persoal é político", Kate Millet
06 xoves	1565 Nace Marie Le Jars de Gournay, literata, filósofa e alquimista.	22 sábado	1961 Nace Belén Feliu na Coruña. Escritora e colaboradora da revista A Festa da Palabra Silenciada.
07 venres	A Maria Mariño por "Palabra no Tempo" e "Verba que comeza".	23 domingo	1900 Nace Delia Weber. Poeta e pintora, participou en Acción Feminista Dominicana.
08 sábado	2004 Wangari Maathai, ministra keniata, recibe o Nobel da Paz.	24 luns	1983 Créase no Estado Español o Instituto da Muller.
09 domingo	1653 Pasamento de Lucrecia Marinelli, poeta, filósofa e humanista italiana.	25 martes	1938 "Te vas Alfonsina con tu soledad, qué poemas nuevos fuiste a buscar?"
10 luns	1931 As mulleres españolas logran o dereito ao voto.	26 mércores	1904 Nace en Carril María Arauxo, guerrilleira fuxida en Galiza e miliciana en Cuba.
11 martes	1928 Morre Adela Zamudio, escritora boliviana. Enfrontouse aos conservadores.	27 xoves	1968 Falece Lise Meitner. Investigou sobre radiactividade e física nuclear.
12 mércores	1942 Falece no exilio Amparo López Jean, integrante da Executiva do Partido Galeguista en 1936.	28 venres	s. X Ilduara e Elvira Nunes, educadoras de santos, reis e señores na Galiza altomedieval.
13 xoves	s.XVIII M <sup>a</sup> Teresa Caamaño e M <sup>a</sup> Fca Isla, ilustradas galegas.A súa obra foi queimada.	29 sábado	1958 Morre Zoe Akins, autora dramática e guionista. Premio Pulitzer de Teatro.
14 venres	1906 Nace Hannah Arendt, filósofa alemá e grande intelectual do século XX.	30 domingo	1989 Morre en Lugo Enriqueta Otero, guerrilleira republicana, defensora dos dereitos civís.
15 sábado	1888 Nace Teresa Iglesias Recio. Doutora especialista en doenzas da muller.	31 luns	1711 Nace Laura Bassi. Traduciú e estudou a física de Newton, implantándoa en Italia.
16 domingo	1992 Rigoberta Menchú, líder indixenista guatemalteca. Nobel da Paz.		